

1ª PROBA, XXII LIGA GALEGA O-PÉ **SÁBADO 16/02/2013 – LOUREDA (ARTEIXO)**

-ZONA DE CONCENTRACIÓN

Lugar de Loureda (Arteixo), con acceso dende A-6, AG-55 e o núcleo de Arteixo.

Coordenadas GPS: +43° 17' 38.61", -8° 29' 21.57"




-DATOS MAPA

Parte NO do total do plano Arteixo-Canzobre, realizado en 1997 por José Samper

Registro FEDO: C-228-97

Revisado totalmente en xaneiro de 2013

Escala 1:7500 e 1:10000 | Equidistancia 5m



A proba discurrirá por terreos típicos da comarca, con zonas de cultivo xeralmente atravesadas por pequenos cauces de auga e separadas por lindes e/ou maleza diversa, bosques de eucaliptos principalmente, con variada maleza rasteira (sobre todo silva e toxo) e diversas frondosidades, e abundantes detalles rochosos e de relevo. Se ben existe unha boa rede de camiños e valados que permite unha orientación baseada en apoio en elementos lineais, a maleza existente obriga a buscar alternativas de ruta á máis directa; a este respecto, dende a dirección técnica suxerimos que pode ser unha boa ocasión para os que desexen poñerse a proba prescindindo do compás en favor dunha maior lectura de mapa.

-DATOS CARREIRA

Carreira puntuable para a 22ª Liga Galega de O-Pé.

Distancia media, desnivel moderado. Carreira rápida, agás en zonas de vexetación puntuais.

-HORARIO

09:30 Apertura de secretaría
10:30 Saída dos primeiros corredores
14:00 Peche de meta

-INSCRICIÓN

A través da Intranet da AGaCO (www.agaco.es), seleccionando o evento do calendario e marcando a categoría na que desexan inscribirse. Os participantes que todavía non teñan usuario terán que rexistrarse primeiro na Intranet, aínda que o desexable é que se poñan en contacto con algún club AGaCO para tramita-la inscrición como membro dese club.

Data límite: martes 12 de febreiro, 22 h

COTAS: (+3 € de sportident, se precisa alugar pinza)

FEDERADOS: 3 €

NON FEDERADOS: (inclúe licenza-seguro federativa de 1 día):

a) INI CURTA: 5 €

b) INI LONGA: 6 €

c) Resto de categorías: 8 €

O ingreso das inscricións + alugueiro de pinzas sportident se realizará mediante un ingreso na seguinte conta bancaria: 0072 0299 47 0000101245 (Banco Pastor), indicando no concepto: ORI LICEO LOUREDA + nome do club (ou do participante non federado). Enviar xustificante de ingreso ao seguinte e-mail: oriliceo@gmail.com

-PRESAÍDA

A **PRESAÍDA** será de **-10 minutos**, sita no lugar de Loureda, a 450 metros da saída. Nela haberá un reloxo coa hora oficial de saídas, polo que tódolos corredores terán que presentarse alí cando éste marque a súa hora. O percorrido ata a saída estará balizado, e aínda que camiñando despacio non leva máis de 7' (3' a trote suave), os corredores non deben demorarse para evitar chegar tarde á saída. Ademais, haberá estacións CHECK e CLEAN, e se verificará o chip SI de cada corredor, polo que é obrigado o paso por ela.

-INFORMACIÓN TÉCNICA

Tal e como se recolle no Regulamento da Liga Galega de O-Pe para a temporada 2013, os percorridos oficiais serán 9, incluíndo cada un deles as categorías indicadas.


PERC.	CATEGORÍAS	ESCALA	DISTANCIA (km)	DESNIVEL (m)	BALIZAS	TEMPO GAÑADOR
01	INI Curta, H/D12		1,9	55	07	
02	H/D14		2,5	85	08	35'
03	INI Longa	1:7500	2,7	80	09	
04	H/D16, D45		2,9	100	10	
05	H21B, D21B, H55		3,7	105	12	40'
06	H45, D35		4,1	125	13	
07	H21A, D21A		4,5	185	16	
08	H35, D-E	1:10000	4,9	195	18	45'
09	Élite		5,8	260	22	

En aras de favorecer-la visibilidade dos elementos do plano, modificouse a escala inicial dos percorridos 01 ao 06, ambos incluídos, a **1:7500**; o resto manteñen **1:10000**.


Os percorridos 01 e 03, considerados de INICIACIÓN, discurren completamente por camiños ou outros elementos de apoio LINEAIS e moi evidentes, abundando deste xeito na súa intención inicial e lóxica, e permitindo un acceso axeitado ao noso deporte a persoas alleas.

Para os percorridos 07, 08 e 09 decidiuse eliminar as 3 liñas de tensión que atravesan o plano. Asimesmo, para estes tres percorridos definiuse un final de carreira con acumulación de balizas en pouco espazo; para favorecer a súa visibilidade, esta porción de plano aparecerá sobreimpresionada a escala **1:5000**.

-AVITUALLAMENTO

Disporáse un punto de avituallamento líquido accesible en ruta para os percorridos **05 ao 09**, non podendo consumirse nada fóra da zona delimitada. Este punto estará indicado no plano co símbolo correspondente 

-NORMATIVA E SEGURIDADE

Unha gran parte do mapa está delimitado por estradas, que aínda que teñen unha escasa circulación de tráfico, supoñen un perigo potencial para os corredores. Por isto, decidiuse consideralas como ruta prohibida, xa que non supoñen un apoio útil para o desenvolvemento da proba. A utilización destas vías que non sexa por causa de forza maior (lesión, solicitude/prestación de auxilio, etc) suporá a inmediata descalificación do corredor. No plano, esta prohibición estará indicada co símbolo correspondente 

Cómpre extrema-la precaución, e reduci-la velocidade de carreira, nas zonas de tala recente.

Ningún percorrido contempla como posibilidade de ruta atravesar zonas complicadas, perigosas ou de maleza densa, xa que sempre existe unha ou varias rutas alternativas.

Os corredores teñen o deber de respetar as zonas indicadas como privadas ou prohibidas, así como aquelas áreas de cultivo que poidan atravesar.

É obrigado asistir a calquera corredor que precise axuda, aproveitando para lembrar que este é un dos preceptos básicos desta modalidade deportiva.

O deporte de orientación se practica en silencio e de xeito individual (agás no permitido en categorías de iniciación), cun respecto máximo polo medio natural que nos acolle, coidando de que todo quede como estaba tra-lo noso paso.

-CRÉDITOS

DIRECCIÓN DE PROBA

Alberto Tabernero

PRODUCCIÓN

Álvaro Armada

DIRECCIÓN TÉCNICA

Iván Mera

EQUIPO DE CAMPO

Julio Cañas, Álvaro Armada, Arturo Antón, Luis Javier Ramos, Iván Mera

CONTROL SPORTIDENT

Javier Arufe

SAÍDAS

Pachi Arufe

-ORGANIZACIÓN



-COLABORADORES

